

Pero da Ponte

*Se eu podesse desamar
a quen me sempre desamou, e
podess'algún mal buscar
a quen mi sempre mal buscou!
Assí me vingaria eu,*

*se eu podesse coita dar,
a quen sempre me coita deu.*

*Mais sol non posso eu enganar
meu coraçón que mienganou, per
quanto mifaz desexar
a quen me nunca desexou.
E per esto non dormio eu,*

*porque non poss'eu coita dar, a
quen me sempre coita deu.*

*Mais rog'a Deus que desampar a
quen m'assí desamparou, ou que
podess'eu destorvar
a quen me sempre destorvou. E
logo dormiría eu,*

*se eu podesse coita dar
a quen me sempre coita deu.*

*Vel que oussas'eu preguntar a
quen me nunca preguntou, por
que me fez en si cuidar, pois ela
nunca en min cuidou. E por esto
lazeiro eu,*

*porque non poss'eu coita dar, a
quen mi sempre coita deu.*

1. Analiza exhaustivamente a forma desta cantiga (tipo de cobras, versos, rima, presenza ou non do refrán e recursos paralelísticos empregados).

Cantiga de refrán, do xénero de amor, composta por catro estrofas *unisonans* de cinco versos octosílabos mais dous de refrán, coa mesma medida. As rimas son consoantes e agudas. O seu esquema métrico é *ababcAC*. Salienta nela o abundante emprego de paralelismos sintáctico-semánticos (*a quen me sempre mal buscou; a quen me sempre coita deu; a quen me nunca desexou; etc.*, ou tamén *e per esto non dormio eu / e por esto lazeiro eu*) e o recurso ao denominado *mozdobre*: *desamar/desamou; buscar / buscou; dar / deu; enganar / enganou; desexar / desexou; desampar / desamparou; destorvar / destorvou; preguntar / preguntou; cuidar / cuidou; podesse / posso; dormio / dormiría...*

2. Fai unha análise do contido, indicando como aparece reflectido o código do amor cortés, os temas e os tópicos.

O tema central desta cantiga é a coita amorosa.

O amor do trovador non é correspondido pola dama.

Esta amosa unha actitude de reserva xa que o desama, busca o seu mal, teno desamparado e non se preocupa por el.

A coita amorosa prodúcese por non ter o trovador capacidade de provocar na dama o sufrimento amoroso que ela lle produce a el. Este tema non está tratado a través dos tópicos da loucura ou da morte por amor.

A relación amorosa non responde rixidamente ao código de amor cortés xa que non existe aceptación por parte da dama, nin esta prodiga ningún tipo de atención ou protección ao trovador.